

NORMAS DA MATRÍCULA NA PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO (ABAU) A TRAVÉS DA SECRETARÍA DESTE CENTRO

- CONVOCATORIA ORDINARIA XUÑO 2023 -

18-22 DE MAIO: Recoller a seguinte documentación na secretaría do centro:

- a) Impreso de prematrícula ABAU
- b) Impreso de matrícula ABAU
- c) Impreso de pagamento de taxas da matrícula ABAU
- d) Impreso de pagamento de taxas do título de Bacharelato

Matrícula con desconto: Familia numerosa de categoría xeral (achegarán orixinal e copia do Carné de Familia Numerosa en vigor).

Matrícula gratuíta: Familia numerosa de categoría especial (achegarán orixinal e copia do Carné de Familia Numerosa en vigor), cónxuxe e fillos do persoal das Universidades de Galicia (acreditado con certificación do respectivo servizo de persoal e orixinal e copia do libro de familia), discapacidade igual ou superior ao 33% e vítimas de terrorismo ou violencia de xénero (acreditado coa resolución administrativa que recoñece tal condición).

18-22 DE MAIO: MATRÍCULA ABAU. Tras cubrir os impresos e pagar as 2 taxas no banco, presentaranse na secretaría xunto con 2 copias do DNI ou pasaporte en vigor (en dúas follas distintas sen recortar) e recollerán o resgardo da matrícula ABAU.

23 DE MAIO: Revisión de datos na secretaría ata as **14:00 horas**. Imprescindible por se hai erros poder corríxilos antes das probas.

6, 7 e 8 DE XUÑO: Realización das probas ABAU Deben ir provistos de:

- DNI ou pasaporte.
- Resgardo da matrícula e xustificante de pagamento
- Pluma ou bolígrafo.
- Material para realizar as probas de Debuxo e dicionarios de Latín e Grego, se é o caso.

Todo o alumnado debe acudir á presentación o primeiro día ás 9:00. Non está permitido asistir aos exames con teléfonos móbiles nin outros dispositivos electrónicos agás calculadoras non programables e sen capacidade gráfica. O incumprimento desta norma pode ser motivo de medida disciplinaria.

15 DE XUÑO: Publicación on-line das cualificacións obtidas nas probas (na intranet a partir das 20:00h).

15-16 DE XUÑO: Envío de NERTA ás persoas interesadas, por correo electrónico, das cualificacións provisionais da proba de ABAU.

SOLICITUDES DE REVISIÓN

As solicitudes de revisión presentaranse a través da aplicación NERTA (imprimir copia da solicitude para xustificar a presentación) ou no LERD (solicitando os impresos específicos).

16-20 DE XUÑO: Solicitudes de revisión. Resolución o 22 de xuño (publicación on-line).

22 DE XUÑO: Enviarán ao correo electrónico a tarxeta coa cualificación ou solicitaran unha copia na secretaría do centro.